


A directiva do ANPA ARCE do IESP NEIRA VILAS e as representantes das familias no consello escolar, Reyes Caparrós Esperante e Sonia Gandoy Blanco, queremos manifestar o noso apoio ao traballo realizado polo equipo directivo do instituto que acaba de presentar a súa dimisión en bloque.

Queremos agradecer a súa disposición para solucionar conxuntamente os asuntos que lles trasladamos ao longo destes anos. Pero por riba disto queremos salientar o labor que fixeron para que o centro se convertise nunha verdadeira comunidade educativa onde todas as voces foron sempre escoitadas, tanto as dos rapaces e rapazas como as nosas.

Creemos que a educación dos nosos fillos e fillas non se basea unicamente na adquisición de contidos académicos senon tamén na aprendizaxe da convivencia na tolerancia e o respecto, aspectos que o equipo directivo do centro contribuiu a construír.

Sentimos moito a decisión que tomaron e esperamos que a reconsideren para continuar o labor que emprenderon facendo do IESP Neira Vilas o centro no que queremos que se eduquen os nosos fillos e fillas.




**Eva Mª Candales Hermida**  
Presidenta da Anpa



**Lorena Gómez Fuente**  
Vicepresidenta da Anpa



**Sandra Mª Fdez Carrera**  
Secretaria da Anpa




**Mª Luisa Mirás Seijas**  
Tesoureira da Anpa



**Pablo Fernández Iglesias**  
Vocal da Anpa



**Reyes Caparrós Esperante**  
Representante das familias  
no consello escolar



**Sonia Gandoy Blanco**  
Representante das familias  
no consello escolar